



Administración Xeral do Estado

Oferta Emprego Público 2017

Durante a semana do 3 ao 6 de xullo, no marco da Comisión Técnica de Emprego e Temporalidade ad Administración do Estado, mantivemos reunións con representantes de Función Pública para buscar de acadar un consenso en canto o contido da Oferta de Emprego Público.

As distintas reunións concluíron cunha xuntanza da Mesa Xeral de Negociación da Administración do Estado, o día 6 de xullo, na que se concretaron as seguintes propostas:

Oferta de Emprego Ordinaria: Sería o resultado de aplicar o contemplado no Acordo de Estabilización de Emprego asinado polo Goberno e as Centrais Sindicais estatais o pasado 29 de marzo, reflectido no Artigo 19 da Lei 3/2017 do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado. Aínda recoñecendo a existencia dunha pequena mellora respecto das previsións de anos anteriores (consecuencia da inclusión de novos sectores prioritarios), como xa denunciámos dende a **CIG**, por si soa, **esta medida suporía continuar coa destrución de emprego público**; das 8.063 baixas netas producidas no ano 2016, como consecuencia da aplicación da taxa de reposición, unicamente contempla a incorporación por novo ingreso de 7.240 efectivos (nos distintos corpos e escalas de funcionarios, categorías de persoal laboral dos diferentes convenios, Rede Hospitalaria de Defensa e INGESA e Administración Local habilitación Estatal).

Promoción Interna: Incluída no Real Decreto de Oferta Ordinaria, convocaríanse un total de 4850 prazas para a promoción do persoal funcionario (4189) e Laboral (661). Supondo, neste caso, un incremento dun 30% respecto dos postos convocados no ano 2016. Manténdose deste xeito un esforzo equilibrado, que posibilitaría unha revalorización das posibilidades de carreira profesional do persoal tanto Funcionario como Laboral; este último vinculado a negociación do VI convenio e aos acordos que, no ámbito da CIVEA, poidan acadarse ao respecto de abrir a promoción a novas categorías profesionais.

Destes dous apartados achegamos, conxuntamente con esta nota, arquivos coa información detallada

Oferta de Emprego Extraordinaria: Como novidade, dende a Función Pública, propuxeron que existía a posibilidade de aprobación dun Real Decreto Lei que, con carácter extraordinario, contemplaría o novo ingreso dun total aproximado de 4.000 prazas para incorporación de persoal



naqueles sectores con atención directa ao público considerados prioritarios (Tráfico, Policía DNI e Pasaportes, Axencia Tributaria, Servizo Público de Emprego, Inspección Traballo e Seguridade Social). Aínda que non se concretaron con detalle os diferentes corpos e escalas aos que iría dirixida a convocatoria, o reparto aproximado sería o seguinte: 2150 Axencia Tributaria, 570 Seguridade Social, 420 Servizo Público de Emprego, 320 Inspección de Traballo, 340 Ministerio Interior (policía e tráfico) e 100 prazas para grupos A1 e A2 da Administración Xeral.

A maiores da mellora cuantitativa que suporía **o conxunto das tres medidas**; que **cambiaría o rumbo de destrución de emprego público dos últimos 8 anos, permitindo un incremento neto para este ano 2017 de máis de 1000 postos na Administración do Estado; e garantiría, cando menos, outro tanto para o ano 2018**; habería tamén unha importante mellora cualitativa no senso de crear novas especialidades de funcionarios para examinadores de tráfico, para o Subgrupo A2 de Emprego, retomaríase a oferta libre ao Corpo Xeral Administrativo que levaba anos sen convocatoria (incrementando ao mesmo tempo a oferta para ingreso por promoción interna), retomaríase a promoción ao Corpo Administrativo da Administración da Seguridade Social (300 prazas) en promoción interna que tamén levaba anos sen convocatoria.

Diante desta proposta que, para a Administración do Estado, suporía a superación das previsións contempladas no Acordo de Estabilización de Emprego do 29 de marzo, así como o previsto na propia Lei de Orzamentos; **a pesares de manifestar que o que se contempla como medida extraordinaria debería converterse no xeito ordinario nos procesos de provisión de postos; a representación da CIG acordamos dar a nosa aprobación ao Acordo de medidas de emprego público** que se nos presentou na Mesa Xeral do día 6 e que o Goberno ten previsto aprobar en Consello de Ministros do venres 7 de xullo.

A maiores destas cuestións, **a representación da CIG, solicitamos que se adoptasen outros compromisos que, de xeito complementario, estaría ben acompañasen a este acordo**:

Por unha parte, coa intención de que non se oferten en novo ingreso postos aos que non puido acceder o persoal que xa presta servizos na Administración, demandamos que **se eliminasen as restricións impostas á inclusión de vacantes e a mobilidade do persoal nos concursos** para a provisión convocados polos distintos departamentos; comprometéronse a analizar esta cuestión.

Outra demanda da **CIG** foi que, con carácter inmediato, naqueles ámbitos onde a necesidades de persoal son máis necesarias, **se permita a incorporación de persoal temporal** con cargo as previsións feitas nas distintas ofertas; responderon que isto xa estaba previsto nalgúns supostos.

Galiza, 7 de xullo de 2017
Seguiremos Informando